

# Os Bolechos<sup>®</sup>

PEPE CARREIRO

## VAN AO CAAN



# MINIGUÍA

para nenos

## COIDADOS BÁSICOS PARA O TEU CAN

Ter unha mascota supón unha gran responsabilidade para ti e para os teus. O benestar do teu animal de compañía vai a depender, en gran parte, de ti e dos coidados que lle des.

Lembra que a túa mascota tamén necesita un lugar na túa casa onde refuxiarse cando queira descansar ou que non o molesten.

### 1.- ALIMENTACIÓN

O teu can debe comer un alimento feito para cans, dúas ou tres veces ao día. É moi importante que sempre teña auga limpa e fresca para beber.

### 2.- HIXIENE

Deberás cepillar ao teu can todos os días para manter o seu pelo limpo e en bo estado. Cando o can estea sucio poderás bañalo, pero sempre en auga morna e cun xampú especial para cans.

### 3.- VETERINARIO

A túa mascota debe visitar o seu veterinario cando estea enferma para que a trate, pero tamén debe visitalo cando estea sa, para previr a aparición de enfermidades coa aplicación de vacinas e eliminación de parasitos.

Non debes esquecer que todo can debe de ter un microchip implantado, para que poidas atopalo se se perde.

### 4.- A TÚA MASCOTA QUÉRETE MOITO E SABE QUE ES O SEU AMIGO: DÁLLE MOITO CARIÑO.

Seguindo estes poucos consellos, terás unha mascota MOI FELIZ

